

Informe técnico sobre as proposicións presentadas polas empresas concorrentes á contratación administrativa de servizos para a xestión da produción audiovisual do Parlamento de Galicia.

Con data de 19 de setembro de 2016 rematou o prazo para a presentación de proposicións para esta contratación administrativa.

Con data de 4 de novembro de 2016 procedeuse á apertura do sobre B. Nesta licitación as empresas concorrentes son as seguintes: SPICA SL

Analizada a documentación do sobre B, referente a Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor, procédese a elaboración deste informe no que se detallan, a modo de resumo os criterios avaliados e as melloras ofertadas.

O punto 16 do cadro de especificacións do contrato do prego de cláusulas administrativas establece os seguintes criterios para a valoración das proposicións:

I.- Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor (ata 49 puntos): Se avaliará o valor técnico da ofertas de acordo cos seguintes aspectos:

a.- Calidade profesional do equipo de traballo (acreditada documentalmente) **(de 0 a 16 puntos):**

Valoraranse a titulación, formación e participación en proxectos, directamente relacionados co obxecto do contrato, a maiores dos mínimos exixidos no apartado 14 do cadro de especificacións do PCAP, dos efectivos asignados ao servizo.

Para tal fin os licitadores achegarán cuberto para cada un dos efectivos ofertados, os cuestionarios 1 e 2 do anexo V deste prego.

O licitador presenta tres efectivos de carácter presencial no Parlamento os cales compren cos requisitos mínimos esixidos no punto 14 do PCAP, ademais de soporte de segundo nivel na empresa. Así mesmo, os recursos presencias presentan coñecementos e experiencia a maiores dos esixidos como mínimos polo que neste apartado se lle asignan os **16 puntos**.

b.- Metodoloxía de traballo adaptada ao Parlamento de Galicia (**de 0 a 13 puntos**): Se valorarán as ofertas en función do grao de adaptación ás metodoloxías que se empregan habitualmente no Parlamento de Galicia, e os procedementos suxeridos para a mellora do produto audiovisual final/resultante.

O licitador presenta metodoloxías de mantemento preventivo e correctivo de todo o equipamento dispoñible no Parlamento de Galicia.

A maiores presenta como mellora o seguinte material a disposición do Parlamento, para a resolución de problemas no menor tempo posible (conxunto completo e autónomo de cámara, posicionador, óptica, tarxeta SDI e controladora, así como una unidade CCU DCN, unha fonte de alimentación do sistema e cinco unidades activas de escanos para o pleno):

1. Cámara Panasonic AWE600E
2. Posicionador Panasonic AWP300E
3. Control Panasonic AWRP501
4. Óptica Fujinon S14XBMDP
5. Videoconferencia IP

Polo anteriormente exposto se lle asignan **10 puntos** neste apartado.

c.- Modelo de seguimento do proxecto que se implantará para asegurar a calidade dos traballos (**de 0 a 10 puntos**): se avaliarán os seguintes aspectos:

- Procedementos que eviten as desviacións que se poidan producir na prestación do servizo, segundo os acordos de nivel de servizo (SLAs) establecidos no prego de prescricións técnicas.
- Medidas para identificar puntos críticos e para conseguir un seguimento áxil da prestación do servizo.
- Idoneidade dos indicadores de seguimento das tarefas realizadas, planificadas e pendentes.
- Proposta de novos indicadores, acordos e modelos de revisión de niveis de servizo (SLA), e a súa idoneidade.

Para o modelo de seguimento do proxecto o licitador presenta a seguinte serie de probas de inspección e seguimento:

- Proceso de integración:
 - Probas de video: a nivel de funcionamento de usuario
 - Probas de audio: a nivel de funcionamento de usuario
 - Probas de integración: a nivel de usuario
 - Probas de Séneca: a nivel de usuario
- Proceso de documentación
- Proceso de logística
- Proceso de control de calidade
- Proceso comercial e de RRHH
- Proceso de deseño
- Proceso de auditorías
- Procesos de non conformidade e accións de mellora

Non presenta novos indicadores, acordos e modelos de revisión de niveis de servizo (SLA).

Polo exposto anteriormente exposto, neste apartado se lle asignan **5 puntos** neste apartado.

d.- Plan detallado das tarefas a realizar para asegurar o proceso de transición e devolución do servizo. **(de 0 a 10 puntos)**. Establécense dous apartados para a distribución da puntuación: proceso de transición e devolución do servizo, tres graos ou niveis de satisfacción, atribuíndo a puntuación segundo os seguintes tramos:

grado \ criterio	Transición do servizo	Devolución do servizo
Alto	4 a 5	4 a 5
Medio	2 a 4	2 a 4
Baixo	0 a 2	0 a 2

Valoraranse, para cada un dos apartados, os seguintes indicadores:

- detalles de planificación (fitos, plans de acción e proxectos oportunos).
- o compromiso de prazos.
- a documentación técnica do plan.
- a amplitude dos recursos humanos dedicados.
- planificación de reunións.

- compromiso das medidas correctoras para solucionar as desviacións do plan que poidan xurdir.

O licitador presenta a seguinte información:

- Plan de xestión da documentación: hardware (versións), software (versións)
- Planimetría das instalacións
- Procesos, accións, habilidades e razoamentos das tarefas para o correcto funcionamento de tódolos sistemas: acendido e apagado, rearranque, substitución, cambios de configuración, solapes de traballos.

Como fitos presenta:

- Revisión da información cada tres meses
- Reunións de seguimento cada seis meses ca entrega dun CD, ou soporte electrónico coa documentación actualizada.

Presentará os procesos para a realización de actos legislativos ordinarios, actos simultáneos, e a realización de eventos.

Para a transferencia de coñecementos presenta como persoal encargado do proceso de transición:

- Alejandro García Fernández facilitará a información operativa de xestión das sesións.
- Alejandro Rodríguez Nieves facilitará a información de mantemento da infraestrutura
- Javier Rey Catalán realizará as tarefas de transferencia dos coñecementos das utilidades de control e as interaccións entre os sistemas.

Como plan de entrega oferta a realización de sete sesións de traspaso da información e oferta un tempo de solapamento entre as dúas empresas dun mes.

Como resultado do ofertado polo licitador neste apartado obtén a seguinte puntuación:

criterio grado	Transición do servizo	Devolución do servizo
Alto	4	4

En consecuencia neste apartado o licitador recibe **8 puntos**.

Resumindo a puntuación obtida polo licitador nos criterios avaliados mediante xuízos de valor son os seguintes:

- a.- Calidade profesional do equipo de traballo **16 puntos**
- b.- Metodoloxía de traballo adaptada ao Parlamento de Galicia **10 puntos**
- c.- Modelo de seguimento do proxecto que se implantará para asegurar a calidade dos traballos **5 puntos**
- d.- Plan detallado das tarefas a realizar para asegurar o proceso de transición e devolución do servizo **8 puntos**

A suma da puntuación obtida nos criterios avaliados mediante xuízos de valor é o seguinte para a empresa SPICA S.L.: **39 puntos**

Así mesmo, se comproba que a oferta do licitador cumpre con todos os requisitos técnicos esixidos no PPT, o que informamos para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela, a 7 de novembro de 2016

Servizo de tecnoloxías da información

Asdo. Pedro Vila López